



## ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE PAIS, PAIS E TITORES/AS LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

### CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 20 de setembro de 2021, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria (DOG do 4/09/16), a XUNTA ELECTORAL deste centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral **tres país/nais** que debe ter o Consello Escolar.
- 2.- Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais do alumnado matriculado no centro e incluídos no censo correspondente que a partir da data de hoxe está exposto no taboleiro de anuncios.
- 3.- Son elixibles os pais e nais ou titores/as legais, que formulen a súa **candidatura** segundo o modelo que se facilitará no centro. As candidaturas poderán ser presentadas ata as **14:00** horas do día **12 de novembro**.
- 4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais/nais que non se presenten como candidatos/as, o día **18** de novembro, ás **12:00** horas. Dita mesa electoral estará composta polo/a Director/a do Centro, que actuará como Presidente/a, e catro pais/nais ou titores/as legais, actuando de secretario/a o de menor idade.
- 5.- A campaña electoral comprenderá dende o **12 ao 23 de novembro**, ambos días inclusive.
- 7.- As votacións realizaranse neste IES no salón de actos o **día 24 de novembro, de 18:00 a 20:00 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público.
- 8.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo **de tres nomes** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo
- 9.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor/a legal do alumnado.
- 10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.
- 11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Viveiro, 5 de novembro de 2021

O PRESIDENTE/A DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: Alberto Pernas Pena